



Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Concello de Folgoso do Courel e a asociación “Agrupación de propietarios particulares Souto Rego da Brancha Moreda Concello Folgoso do Courel” sobre a execución do proxecto de recuperación de soutos tradicionais no Concello de Folgoso do Courel para estender os resultados dese proxecto ao conxunto do territorio galego.

En Santiago de Compostela, 31 de Feb de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don Miguel Ángel Pérez Dubois en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.-Agader, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia km.3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de director xeral, en virtude de nomeamento realizado polo Decreto 41/2016, do 7 de abril (DOG núm.76 do 08.04.2016) e das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm.148, do 05.08.2013),

Doutra, dona Dolores Castro Ochoa, na súa calidade de alcaldesa do Concello de Folgoso do Courel, en virtude da súa condición de alcaldesa do citado concello segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

E doutra, don José Aira Gómez, na súa condición de presidente da Asociación “Agrupación de propietarios particulares Souto Rego da Brancha Moreda Concello Folgoso do Courel”.

Recoñécense mutua e reciprocamente as tres partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

1.- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Agader), ten asignadas as competencias previstas no artigo 3 do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Agader, entre elas, promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.





Por outra parte, o Banco de Terras de Galicia, instrumento xestionado pola Agader en virtude do disposto na disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras (en adiante, LMT), conta entre as súas funcións as de *“Prestar a terceiras persoas servizos que teñan como finalidade acadar a mobilización de predios con vocación agraria, baixo calquera negocio xurídico válido en dereito, e, en particular, servizos de arbitraje, promoción, dinamización, intermediación, xestión e aconsellamento técnico e xurídico para a formalización de contratos de cesión temporal ou de transmisión de predios con vocación agraria ou de instalacións agrícolas, gandeiras, forestais ou mixtas”*. (Artigo 9.1.e) da LMT). Para cumprir estes fins a Agader, a través do Banco de Terras de Galicia, está a desenvolver un conxunto de Proxectos de Mobilización de Terras Agrarias en situación de abandono, con carácter experimental, que teñen como obxectivo obter datos estatísticos, agronómicos, comerciais, económicos ou de calquera outro tipo que podan servir para a extensión deses proxectos ao conxunto do territorio, xa en forma regrada, unha vez levados a cabo os proxectos en diferentes sectores produtivos e áreas xeográficas.

2.- O Concello de Folgoso do Courel (en adiante, o Concello) ten un marcado carácter rural, como consecuencia da súa grande extensión territorial, superior aos 190 km², a súa conformación territorial en nove parroquias e corenta e seis pobos, con só unha poboación de arredor dos 1.100 habitantes. Estas condicións, unidas á súa caracterización orográfica e climática e ao seu carácter periférico con respecto aos núcleos de decisión administrativos, obriga a considerar o seu modo de desenvolvemento, ademais dos singulares valores ambientais, paisaxísticos e turísticos, na recuperación de actividades produtivas como a explotación dos soutos tradicionais, actualmente en estado próximo ao abandono, por mor das circunstancias demográficas, pero que contan cunha enorme tradición na calidade do produto.

3.- Os principais fins da Asociación “Agrupación de propietarios particulares Souto Rego da Brancha Moreda Concello Folgoso do Courel” (en adiante, a Asociación), con ámbito de actuación na aldea de Folgoso do Courel e número do Rexistro de Asociacións de Galicia 2012/016521-1^a, son os seguintes:

- Limpeza, conservación, mellora, forestación e tratamentos silvícolas no monte, soutos, piñeirais, pradeiros, masas de frondosas autóctonas así como a conservación de tódolos elementos patrimoniais
- Realización de tratamentos silvícolas e melloras medioambientais en parcelas das que son propietarios os membros da asociación.





- O estudo e resolución dos problemas comúns dos agrupados, relacionados coa súa condición de propietarios particulares que habitan no medio rural e a vida social do territorio que asignan os estatutos.
- Tomar medidas de prevención e defensa contra incendios forestais nos terreos comúns dos agrupados.
- A promoción e desenvolvemento profesional e cultural dos agrupados.
- Realizar, difundir e promocionar estudos, informes e demais documentación relevante relacionada co medio rural dende unha perspectiva de xénero.
- Impulsar, potenciar e executar actuacións de diversa índole, encamiñadas a erradicar calquera forma de discriminación no medio rural, colocando a súa poboación en condicións de igualdade en todo tipo de ámbitos.
- Desenvolver e promover actividades formativas de diversa índole encamiñadas a lograr unha maior preparación cultural e profesional
- Difundir e promover a cultura e condicións de vida do mundo rural, sensibilizando e colaborando cos medios de comunicación para que fagan chegar unha imaxe real
- Cantas outras actividades lícitas sexan de conveniencia dos intereses comúns dos agrupados. Actividades culturais, deportivas, medioambientais, rurais, mellora de infraestruturas, etc.

Todos estes fins directamente implicados no desenvolvemento rural do Concello e no mantemento digno de modos de vida derivados de actividades económicas tradicionais.

4.- No marco da colaboración mutua que debe presidir as relacións entre a Administracións Públicas e o asociacionismo privado con fins sociais, entendendo neste caso por tal o uso e aproveitamento da terra e a loita contra o abandono, os representantes de todas as partes consideran que sería beneficioso para elas a subscripción do presente acordo, que permitirá a Agader obter os datos estatísticos, agronómicos, comerciais, económicos ou de calquera outro tipo que podan servir para a extensión ao conxunto do territorio galego dos resultados da execución do "Proxecto de recuperación de soutos tradicionais no concello de Folgoso do Courel" que está a desenvolver a Subdirección de Mobilidade de Terras da Agader. Con esta actuación e a conseguinte colaboración conseguirase a mellora e o coñecemento da problemática da loita para a mobilización e contra o abandono de terras agrarias en Galicia, e a obtención da información gráfica e socioeconómica do aproveitamento dun territorio apto e singular dende o punto de vista da súa caracterización xeográfica, ambiental e produtiva.





Polo exposto, as partes acordan celebrar o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. – Finalidade do convenio de colaboración

A finalidade deste convenio de colaboración é a extensión ao conxunto do territorio galego dos resultados da execución do “Proxecto de recuperación de soutos tradicionais no concello de Folgoso do Courel” que está a desenvolver a Subdirección de Mobilidade de Terras da Agader, a partir dos datos estatísticos, agronómicos, comerciais, económicos ou de calquera outro tipo que lle proporcionen á Agader as outras dúas partes do convenio.

O obxectivo do Proxecto é o de mellorar o coñecemento da problemática da loita para a mobilización e contra o abandono de terras agrarias en Galicia, así como da situación dos mercados de terras agrarias en Galicia, e en particular:

- a) Coñecer e caracterizar os custes unitarios das actuacións de recuperación, tanto aquelas que teñen que ver coa execución de obras (mellora de accesos, roza e limpeza, actuacións de carácter agronómico,...) como, sobre todo, as de natureza inmaterial, como pode ser o derivado das actuacións de dinamización, mediación e acordo entre partes, deseño dos modelos de negocio xurídico a emprender, xestión económica posterior,... Todo isto co fin de dispoñer dun *corpus* de coñecemento experimental e científico –e, xa que logo, inmaterial- que permita estender, unha vez concluídos os proxectos, as actuacións de mobilización de terras agrarias en abandono ao conxunto dos sectores agrarios produtivos e ao conxunto do territorio.
- b) Definir unha metodoloxía de traballo cara a selección de zonas de actuación en base a parámetros obxectivos, así como unha serie de recomendacións para a súa mobilización produtiva de acordo cos parámetros analizados e oportunidades e obstáculos identificados e crear unha infraestrutura de difusión web da información xerada sobre mobilidade e mercados de terras para favorecer o seu dinamismo.

SEGUNDA.- Obrigas das partes.

En virtude deste convenio as partes obríganse a:





a) A Agader proporcionará a cada unha das persoas socias da Asociación a información gráfica correspondente aos predios da súa titularidade, entre a que se recollerá a súa localización GPS aproximada, así como o estado de conservación agronómico e sanitario, respectando a confidencialidade dos datos persoais.

Así mesmo, levará a cabo as seguintes actuacións no territorio co fin de conseguir un entorno apto para o desenvolvemento do proxecto:

- Actuación en melloras dos camiños de acceso ao souto, respectando en calquera caso as súas características de trazado e sen modificar as súas condicións topográficas, morfolóxicas e ambientais.
- Limpeza dos predios e xestión da súa biomasa no momento previo á súa recuperación.

Ademais, elaborará un documento que recolla as estatísticas resultantes, as conclusións e posibles propostas de traballo que se deriven do proxecto.

b) O Concello facilitará a dispoñibilidade de terreos e permisos en todo o referente aos camiños de carácter público, e colaborará coa Agader na localización e convocatoria das persoas titulares afectadas e mediar coas mesmas en cantas labores de dinamización sexan necesarias.

c) A Asociación "Agrupación de propietarios particulares Souto Rego da Brancha Moreda Concello Folgoso do Courel", comprométese a:

- Mediar cos titulares dos predios a que se refire o convenio, de xeito que lle autoricen á Agader o acceso a tales predios e a realización das actuacións sinaladas no apartado a) desta cláusula.
- Garantir, conforme aos fins previstos nos Estatutos da Asociación, que os predios dos que son titulares os seus socios se manteñan en correcto estado agronómico e de cultivo durante un período mínimo de catro anos.
- Facilitar á Agader, con carácter anual, cantos datos estatísticos, agronómicos, comerciais, económicos ou de calquera outro tipo podan servir para a extensión ao conxunto do territorio galego dos resultados da execución do Proxecto que lle sexan requiridos, salvaguardando, en calquera caso, a confidencialidade dos mesmos. Entre os datos a achegar figurarán, cando menos, os seguintes:
 - o Total de árbores en produción.





- o Producción media unitaria e total do conxunto da Asociación.
- o Tipos de comercialización e porcentaxes de cada canle.
- o Custe unitario e marxes de explotación.

TERCEIRA.- Comisión de seguimento

Para os efectos de garantir a eficacia deste convenio, créase unha Comisión de Seguimento formada por un representante de cada unha das partes asinantes, que poderán ser asistidos polos técnicos que estimen pertinentes en cada caso.

A composición será a seguinte:

- Por parte da Agader, a persoa titular da Dirección Xeral, ou persoa na que delegue.
- Por parte do Concello, a persoa titular da Alcaldía, ou persoa na que delegue.
- Por parte da Asociación, a persoa titular da Presidencia, ou persoa na que delegue.

Correspóndelle a esta comisión velar pola implantación e cumprimento dos termos contidos no presente convenio, así como resolver as incidencias que deriven do mesmo e formular as observacións que consideren necesario introducir.

CUARTA.- Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia inicial de catro anos dende a data da súa sinatura, agás que sexa denunciado por calquera das partes con tres meses de antelación á data da súa finalización, e sen prexuízo de que as partes decidan, por unanimidade, prorrogar a súa duración.

QUINTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio o mutuo acordo das partes, o incumprimento das estipulacións fixadas por acordo das partes, o incumprimento das obrigas fundamentais que deriven do mesmo, ou calquera alteración ou modificación substancial das circunstancias que motivaron orixinariamente a súa conclusión e que fagan aconsellable a subscripción dunha nova relación xurídica.





SEXTA. Financiamento

O presente convenio non xerará nin dará lugar a ningunha contraprestación económica entre as partes asinantes do mesmo, se ben a Agader asumirá en 2018 as actuacións sobre camiños e predios previstas na cláusula segunda, mediante un encargo ao medio propio Tragsa financiado con 82.037,39 € da partida 13.04.712A.6404 (proxecto 2017-00004).

SÉTIMA.-Protección de datos. Encargo do tratamento de datos persoais.

As partes asinantes adoptarán as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información recibida a raíz do presente convenio e o seu uso adecuado.

O persoal que preste os seus servizos no marco deste convenio está obrigado a respectar as normas sobre protección de datos de carácter persoal e confidencialidade de datos. A Agader responsabilízase de que o tratamento de datos de carácter persoal no marco deste convenio se realice de conformidade coas instrucións do Concello e a Asociación e con suxeición ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, en adiante "RGPD", á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e á súa normativa de desenvolvemento.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Identidade: Concello de Folgoso do Courel (P2701700C) Dirección postal: Praza Manuel Fraga Iribarne s/n. Folgoso do Courel. 27325 Lugo Dirección electrónica: https://folgosodocourel.sedelectronica.es/info.6 Correo electrónico: concellofolgosodocourel@yahoo.es Teléfono: 982433001
Finalidades do tratamento	Realización das actuacións conveniadas e mantemento da relación administrativa e contractual.
Lexitimación para o tratamento	Execución do convenio e aplicación de medidas administrativas e contractuais.





Destinatarios dos datos	- As persoas titulares dos soutos - A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para fins administrativos ou civís relacionados co convenio - As empresas coas que a Agader subcontrate, encargue ou encomende a prestación dos servizos, para a execución das actividades obxecto do convenio
Exercicio dereitos	de As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica do Concello https://folgodosocourel.sedelectronica.es/dossier.1
Contacto delegado de protección de datos e información adicional	ESPUBLICO SERVIZOS PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL S.A. Contacto: https://folgodosocourel.sedelectronica.es/dossier.1

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	do Identidade: Asociación "Agrupación de propietarios particulares Souto Rego da Brancha Moreda Concello Folgoso do Courel" Dirección postal: Moreda, 5, Folgoso do Courel, 27325 Lugo Dirección electrónica: Correo electrónico: millares.mcr@gmail.com Teléfono: 636224686
Finalidades do tratamento	do Realización das actuacións conveniadas e mantemento da relación administrativa e contractual.
Lexitimación para o tratamento	do Execución do convenio e aplicación de medidas administrativas e contractuais.
Destinatarios dos datos	- As persoas titulares dos soutos - A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para fins administrativos ou civís relacionados co convenio - As empresas coas que a Agader subcontrate, encargue ou encomende a prestación dos servizos, para a execución das actividades obxecto do convenio
Exercicio dereitos	de As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través do seguinte correo electrónico: millares.mcr@gmail.com





Contacto delegado de protección de datos e información adicional	Esta asociación non ten designado un delegado de protección de datos
--	--

O presente convenio inclúe tamén o tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para realizar as actuacións nel definidas, dos cales o Concello e a Asociación son os responsables do tratamento.

Mediante as seguintes regras o Concello e a Asociación, responsables do tratamento, en adiante "o responsable do tratamento" habilitan a Agader, como encargado do tratamento, en adiante "o encargado do tratamento" co obxecto de tratar por conta do Concello e da Asociación os datos de carácter persoal necesarios para realizar as actuacións conveniadas, en adiante "o encargo de tratamento de datos", que está adscrito á realización das devanditas actuacións.

1.- O obxecto do encargo de tratamento de datos é tratar por conta do Concello e da Asociación os datos de carácter persoal necesarios para realizar as actuacións obxecto deste convenio.

2.- A finalidade do presente encargo de tratamento de datos é regular a relación entre o responsable do tratamento e o encargado do mesmo en canto ao tratamento dos datos persoais adscritos ao obxecto deste convenio, adquirindo natureza contractual.

Os tratamentos de datos persoais a realizar serán:

- Recollida Estruturación Conservación Consulta Difusión Cotexo
- Supresión Rexistro Modificación Extracción Comunicación por transmisión
- Interconexión Limitación Destrucción Comunicación Transmisión
- Outros:

O encargado do tratamento unicamente tratará os datos para realizar por conta do responsable do tratamento a prestación dos tratamentos encargados. En ningún caso o encargado utilizará os datos para finalidades distintas.

3.- Para a execución dos citados tratamentos, co fin de cumprir o obxecto deste encargo de tratamento de datos, o Concello e a Asociación porán a disposición da Agader, encargado do tratamento, os datos e a categoría de interesados obxecto de devandito tratamento:





Nome e apelidos.

Número e tipo de documento de identidade.

Data de caducidade do documento de identidade.

Sexo.

Data de nacemento e/ou falecemento.

Enderezo de residencia e de notificación: país, provincia, concello, parroquia, localidade, código postal, tipo de vía, nome, número, bloque, andar, porta.

Teléfono fixo, teléfono móbil, fax, correo electrónico, páxina web.

Situación laboral.

Profesión.

Estado civil.

Datos patrimoniais, económicos e tributarios: Información gráfica das propiedades, localización GPS das propiedades, estado de conservación sanitario e agronómico das propiedades, datos catastrais, datos rexistrais, imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sucesións e doazóns, imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, imposto de sociedades. Outros datos comunicados voluntariamente.

4.- O encargo de tratamento de datos ten una duración igual á do convenio.

O destino dos datos ao finalizar o presente encargo será o seguinte:

Conservar os datos con fins de arquivo en interese público e fins estadísticos, de conformidade co disposto no artigo 89 do RGPD.

Suprimir os datos

Devolver os datos persoais ao responsable





Devolver os datos persoais a outro encargado que designe o responsable.

5.- En cumprimento das disposicións contidas no artigo 32 do RGD relative á análise dos riscos, o encargado do tratamento está obrigado a adoptar as medidas de seguridade necesarias para o tratamento dos datos persoais, establecendo neste caso as seguintes:

- Determinará e establecerá as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel axeitado ao risco a adoptar polo encargado do tratamento

6.- En caso de violación da seguridade dos datos, estarase ao disposto no artigos 33 e 34 do RGD.

7.- En canto ao exercicio dos dereitos do tratamento de datos por parte do interesado, mediante o presente encargo de tratamento de datos acórdase que ditas solicitudes serán atendidas polo encargado do tratamento nos prazos establecidos no RGD.

8.- En canto ao réxime de subcontratación do presente encargo de tratamento de datos, estarase ao disposto no artigo 28 do RGD.

9.- O encargado do tratamento comprométese de forma expresa a respectar a confidencialidade sobre todos os datos e información á que teña acceso como consecuencia do presente encargo de tratamento de datos, mesmo despois de que finalice, quedando documentado o cumprimento da devandita obriga.

10.- O responsable do tratamento está obrigado a:

- Entregar ao encargado os datos aos que se refire a regra terceira deste encargo de tratamento de datos e indicar as instrucións necesarias para o tratamento dos datos persoais.

- Realizar unha análise de risco ou avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións do tratamento a realizar polo encargado.

- Informar convenientemente das medidas de seguridade a adoptar para o tratamento dos datos persoais.

- Realizar as consultas previas que corresponda.





- Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte do encargado.

- Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

11.- O encargado do tratamento, aos efectos de cumprir co presente encargo de tratamento de datos, está obrigado a:

- Utilizar os datos persoais obxecto do tratamento, así como aqueles que solicite para a súa inclusión, unicamente para a finalidade deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para outras finalidades ou fins propios.

- Tratar os datos persoais de conformidade coas instrucións do responsable do tratamento. En caso de que o encargado do tratamento considerase que algunha das instrucións emitidas polo responsable do tratamento infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos, o encargado deberá informar inmediatamente ao responsable do tratamento.

- Levar por escrito un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable nos termos previstos no artigo 30.2 do RGPD.

- Designar un delegado de protección de datos e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable nos casos previstos no artigo 37 do RGPD.

- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

- Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto, así como garantir que as persoas autorizadas para tratar datos se comprometan de forma expresa e por escrito a respectar a confidencialidade.

- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

- Asistir ao responsable, tendo en conta a natureza do tratamento, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, sempre que sexa posible, para que este poida cumprir coa





súa obriga de responder as solicitudes que teñan por obxecto o exercicio dos dereitos dos interesados no tratamento dos seus datos persoais, así como o dereito de información no momento de recollida dos datos persoais.

- Implantar as medidas de seguridade axeitadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco de cada tratamento de datos.

- Axudar ao responsable a garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas no artigo 32 do RGPD.

- Dar apoio ao responsable do tratamento na realización de consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

- Poner a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, así como para a realización de auditorías ou as inspeccións que realice o responsable ou outro auditor autorizado por el.

12.- De conformidade co disposto no artigo 28.10 do RGPD, se o encargado do tratamento infrinxe as obrigas contidas no presente encargo de tratamento de datos será considerado responsable do tratamento.

13.- O presente encargo de tratamento de datos extinguirase pola finalización do Convenio ao que está adscrito ou no seu caso polo incumprimento das presentes regras.

OITAVA. Natureza administrativa

O presente convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do seu artigo 6.1 e 2.

As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

NOVENA.- Publicidade e rexistro do convenio





O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMOPRIMEIRA. Titularidade dos resultados

Toda a información, documentación e datos estatísticos que se xeren ao abeiro do presente convenio, ou que traian causa del, serán de propiedade das partes.

A citada información, documentación e datos estatísticos que se obteñan en virtude do establecido neste convenio só poden ser utilizados para a finalidade prevista no mesmo, sen que podan ser reproducidos, modificados, publicados ou divulgados a terceiros sen a previa autorización escrita e expresa das partes.

E en proba de conformidade, as tres partes asinan este convenio, por exemplar triplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural

Miguel Ángel Pérez Dubois



Polo Concello de Folgoso de Courel

Dolores Castro Ochoa

Pola Asociación "Agrupación de propietarios particulares Souto Rego da Brancha Moreda
Concello Folgoso do Courel"

José Aira Gómez